

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

Decreto 78/2007, do 12 de abril, polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado e estudo de impacto ambiental do corredor Brión-Noia. (Clave AC/03/008.01.3).

Con data do 13 de marzo de 2007 o director xeral de Obras Públicas, por delegación da conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes aprobou o expediente de información pública e definitivamente o proxecto de trazado e o estudo de impacto ambiental do corredor Brión-Noia. Clave AC/03/008.01.3.

Os bens e dereitos en que se concreta a declaración de urxente ocupación aparecen recollidos e valorados no citado proxecto.

A competencia para efectuar a declaración de urxente ocupación tena atribuída a Xunta de Galicia, en virtude do artigo segundo do Decreto 156/1982, do 15 de decembro, sobre asunción de transferencias en materia de estradas e a súa asignación á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, considerándose xustificada a referida declaración pola súa incidencia favorable na seguridade viaria, xa que se evitará o paso por travesías e treitos de estrada fortemente sinuosos e de escasa visibilidade para os tráfico que discorren cara á ría de Muros e Noia desde o eixo atlántico.

En virtude de todo o exposto e en aplicación do artigo 28.2º do Estatuto de autonomía de Galicia e dos artigos 10 e 52 da Lei de expropiación forzosa, en relación con previsto no artigo 16 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, por proposta da conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día doce de abril de dous mil sete,

DISPOÑO:

Artigo único.-Declarar a utilidade pública e a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios e que se concretan no expediente administrativo instruído, para os efectos de expropiación no proxecto de trazado e estudo de impacto ambiental do corredor Brión-Noia. Clave AC/03/008.01.3.

Santiago de Compostela, doce de abril de dous mil sete.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

María José Caride Estévez
Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 25 de abril de 2007 pola que se modifica a do 23 de marzo de 2007 pola que se convocan actividades formativas de inglés, francés, alemán, portugués e de educación física para o curso 2007-2008 destinadas a profesorado que imparte docencia en niveis non universitarios e se aproban as súas bases de concesión.

Coa finalidade de clarificar a posible confusión entre o disposto no artigo primeiro, a) punto terceiro e punto noveno, e a redacción da solicitude que figura como anexo I da Orde do 23 de marzo de 2007 pola que se convocan actividades formativas de inglés, francés, alemán, portugués e de educación física para o curso 2007-2008 destinadas ao profesorado que imparte docencia en niveis non universitarios, procede a realizar a seguinte modificación do seu texto:

Artigo único.-Modificación da Orde do 23 de marzo de 2007 pola que se convocan actividades formativas de inglés, francés, alemán, portugués e de educación física para o curso 2007-2008 destinadas a profesorado que imparte docencia en niveis non universitarios e se aproban as súas bases de concesión.

Un.-O artigo primeiro, a), punto noveno, queda redactado «Un curso de alemán para 10 profesores e profesoras de educación infantil, educación primaria, educación secundaria, formación profesional, educación de adultos, ensinanzas de réxime especial e persoas asesoras dos CFR, especialistas e non especialistas na lingua, que terá lugar no Goethe Institut Freiburg (Alemaña), cunha duración de 2 semanas e desenvolvido do 9 ao 20 de xullo de 2007. 9 prazas reservaranse para o profesorado e 1 para os asesores e asesoras de formación; no caso de quedaren vacantes desta reserva as prazas serán cubertas polo resto do profesorado solicitante desta actividade».

Dous.-O anexo I, punto I-Actividades. O punto 3 queda redactado como segue: «3. Curso de lingua inglesa (PES, EOI, inspectores e asesores non especialistas)».

Tres.-Os solicitantes afectados por estas correccións poderán presentar as súas solicitudes, ou correccións ás solicitudes xa presentadas, desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* ata o día 11 de maio, inclusive.

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2007.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria